



ACTA N.º 9/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 29 DE SETEMBRO
DE 2016

ASUNTOS

I.- **PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTAS ANTERIORES DO 28-07-2016 E DO 30-08-2016.
- I.2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2015
- I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBILES (IBI)
- I.4.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CANGUROS PARA O ANO 2016
- I.5.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS, RELATIVO OS RESÍDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)
- I.6.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.
- I.7.- MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DO II PLAN DE BECAS MUNICIPAIS DE NIGRÁN
- I.8.- ALMACÉN TALLER MUNICIPAL NO SAU - 9
- I.9.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR: PLAN EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS SAU - 9

II.- **CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015
- II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016
- II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016
- II.5.- RÓGOS E PREQUINTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.ª Raquel Giraldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.ª Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorrote
- D. Miguel Alonso Fernández

Nigrán decide

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

AUCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- Data: Xoves, 29 de setembro de 2016
- Lugar de celebración: Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- Carácter da sesión: ordinaria
- Convocatoria: primeira
- Hora de comezo: 20:01
- Hora de remate: 23:25
- Número legal de membros da Corporación: 17
- Número de membros asistentes no momento da constitución: 17

Incidencias:

Alteracións no quórum de asistencia durante a sesión: Non se producen

Outras incidencias: Non se recollen.

—

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I - PARTE RESOLUTIVA**I.1.- ACTAS ANTERIORES DO 28-07-2016 E DO 30-08-2016**

As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de datas: 28-07-2016 e 30-08-2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, distribuídas coa convocatoria, non se producen intervencións.

Acordo. As actas das sesións do 28-07-2016 e 30-08-2016 quedan aprobadas coa conformidade dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2015



A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 10 de agosto de 2016, informa favorablemente o expediente da Conta Xeral do exercicio 2015.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Absteranse, porque é dunha época na que non eran corporativos. Hai partidas como unha retirada de escombros ou subvencións encubertas coas que non están de acordo. Tamén lembra que hai que facer o inventario.

D. Antonio Fernández Comesaria, do grupo UCN: Hai facturas publicitarias que chaman a atención. Entre outros aspectos fai referencia ás grandes cifras e incide no apartado das multas de tráfico cun importe avultado fronte ás inexistentes sancións urbanísticas. Parece reflectirse un aumento da actividade económica. Ofrece un remanante notable. Absterase.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 13; PSOE e PP.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015.

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBLES (IBI)

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de setembro de 2016, informa favorablemente a seguinte iniciativa do grupo municipal Nigrán Decide para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmóbiles (IBI):

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Unha das competencias dos municipios é a Promoción de cultura.

En Nigrán existen numerosos colectivos culturais que realizan actividades económicas sen ánimo de lucro que complementan a programación cultural realizada polo Concello.

Estes colectivos para realizar estas actividades empregan diversos inmóbiles que nalgúns casos están exentos do Imposto de Bens Inmóbiles, sendo un parte moi importante do orzamento dos colectivos que non están exentos, o pago deste imposto.

Dentro dos incentivos fiscais previstos para estes colectivos podería estar a exención do Imposto sobre Bens Inmóbiles aos bens dos que sexan titulares as asociacións declaradas de utilidade pública sen fines lucrativos prevista na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A realidade das asociacións existentes en Nigrán é que posiblemente todas elas cumplirían

actualmente os requisitos para ser declaradas entidades sen fins lucrativos, salvo o de ser declarada de utilidade pública, que excede o ámbito de competencias municipais.

Dentro das competencias municipais se existe a posibilidade prevista no artigo 72. 2 quáter da Real Decreto Lexistativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para bonificar o Imposto de Bens Inmobilés a estes colectivos, mediante a declaración das asociacións que realicen actividades económicas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais.

2. Por outra parte a Disposición adicional oitava da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Personal e Atención ás persoas en situación de dependencia, referido á Terminoloxía, indica que «as referencias que nos textos normativos se efectúan a «minusválidos» e a «persoas con minusvalía», entenderanse realizadas a «persoas con discapacidade», e que a partir da entrada en vigor de dita Lei, as disposicións normativas elaboradas polas Administracións Públicas utilizarán os termos «persoa con discapacidade» ou «persoa con discapacidade» para denominalas.

Como consecuencia desta lei e aproveitando a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilés (IBI) motivada no primeiro punto desta exposición é necesario adecuar a terminoloxía empregada nesa ordenanza.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal NIGRÁN DECIDE proponlle ao Pleno do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:

1.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun Informe do día 20.09.16, referencia T 155/16 .

2.- Modificar o artigo 6.3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilés (IBI), quedando redactado da seguinte maneira:

3) Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota integra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou tutor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia sempre e cando cumpran a seguinte condición:

Contar con ingresos netos per cápita, no exercecio da solicitude inferiores a 3.500,00 euros.

Esta bonificación concederase para cada exercecio, debendo solicitalla os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercecio en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- a) Certificado de empadroamento da familia
- b) Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercecio en que deba surtir efectos a bonificación,
- c) Declaración do IRPF dos integrantes da familia: no caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e a administración de tributos do Concello recabará a información sobre os ingresos da AEAT.

Para a determinación dos ingresos netos per capita, aos exclusivos efectos desta



bonificación, dividiránse os ingresos netos computables a efectos do IRPF de todos os membros da familia entre o número daqueles. Nos casos excepcionais -por razón de discapacidade ou incapacidade para traballar- de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendemento neto per cápita.

3.- Modificar o artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobilés (IBI), engadindo o punto 4), que queda redactado como sigue:

4) Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais.

Aos efectos deste artigo, considerarase que concorren actividades económicas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais, cando:

- O suxerto pasivo estea inscrito no Rrexistro de Asociacións do Concello de Nigrán.
- No inmoble se realicen actividades culturais de acceso público.

Corresponde ao Pleno da Corporación, a facultade de declarar por maioría simple, a declaración de especial interese ou utilidade municipal e a revogación de dita declaración.

O interesado deberá solicitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal acompañada de Memoria xustificativa das actividades culturais que non estean restrinxidas exclusivamente a beneficiar aos seus asociados que desenvolven, subsinco por representante legal.

Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala os suxertos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.

4.- Exponer ao público, durante 30 días hábiles, o correspondente expediente administrativo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e outros medios que procedan, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Dálle a palabra ao grupo proponente.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Refirese a inmobles de colectivos que levan a cabo actividades culturais de interese xeral. Resume o núcleo da Iniciativa, que entende foi mellorada cunha achega do BNG.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Non presentou unha emenda por respecto ao traballo dun corporativo, pero do informe do Interventor resulta que non cabe esta bonificación pola falta de actividad económica destas entidades. A cuestión podería resolverse mediante convenios compensatorios pola colaboración das entidades. Tamén se poderían subvencionar as actividades que desenvolven. Estas alternativas simplificarián os trámites correspondentes.

Ao mellor é un erro aprobarlo tal e como se propón. Absteranse.

D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo UCN. A iniciativa pode dar lugar a problemas de xestión para as asociacións. As fórmulas alternativas ao mellor eran máis fáceis de abordar. O informe da Intervención contén reparos que hai que levantar. Valorando o interese que concorre pensa qué hai que ir a unha solución. Votaré a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG. Non é unha bonificación para as asociacións culturais especificamente. A bonificación non parece a fórmula adecuada para resolver o problema. Vaise abstener.

Sr. Alcalde-Presidente: As entidades socio-culturais de Nigrán que ocupan inmobles privados pagan IBI. O que piden estas entidades é non pagar IBI porque non teñen capacidade para facelo. Van ter agora a posibilidade de non pagar o IBI. A fórmula de acudir a un convenio tamén presenta problemas para levala á práctica. A previsión é que xa se poidan acollerse a isto en 2017.

Sr. García Pazos: A posibilidade do convenio amparárona os técnicos na Comisión de Facenda. As entidades non van poder demostrar que desenvolven unha actividade económica.

Sr. Cuevas Raposo: Trátase de dotarse dunha norma e non depender da vontade de asinar ou non un convenio.

Sr. Fernández Comesaría: Non se coñece unha fórmula mellor. Se aparece pode irse a ela.

Sr. Rodríguez Fernández: O convenio non é para non pagar IBI, o que permite é unha contraprestación polo uso deses inmobles.

Sr. García Pazos: O que se pretende aprobar afecta a outras entidades existentes no municipio.

Votación e acordo. - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún
- Abstenciones: 7; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CANGUROS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de setembro de 2016, informa favorablemente o expediente das bases específicas que rexerán o funcionamento do programa municipal de canguros, coa seguinte proposta da Alcaldía:

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA



MUNICIPAL DE CANGUROS

Expte. 2016/003

Dende o Concello preténdese apoiar ás familias do termo municipal, considerando que unha das fórmulas para elo é contribuir á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Xa que logo, vista a proposta dos Servizos Sociais municipais, de conformidade co previsto no artigo 25.2.e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, e no artigo 80.2.k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. - Resolver os reparos formulados polo Interventor na sesión ordinaria da Comisión Especial de Contas do 21 de setembro de 2016

SEGUNDO. - Aprobar as bases específicas que rexerán o funcionamento do programa municipal de canguros, co texto que se insire a continuación.

"BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CANGUROS

As presentes bases específicas, que rexerán o funcionamento do Programa Municipal de Canguros, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA

O concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2.e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, e no artigo 80.2.k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acuerdo cos artigos 4 e 8 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, procede a dilar as bases polas que se rexerá o Programa Municipal de Canguros.

2. OBXECTO DAS AXUDAS

O programa municipal de canguros busca ofrecer a familias que se atopen en situación de risco ou exclusión social a forma de dispor dun tempo determinado para actividades de tipo laboral, formativo, sanitario e social, a través do uso dun servizo gratuito de canguros.

3. OBXECTIVOS

O programa municipal de canguros ten un dobre obxectivo, referido por unha parte ás persoas con menores ao seu cargo e por outra aos propios menores. O obxectivo xeral con respecto das persoas responsables dos menores é contribuir á conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Para acadar isto, defínense os seguintes obxectivos específicos:

- Favorecer o acceso a cursos de formación ocupacional por parte dos membros das familias, así como a súa incorporación ao mundo laboral.
- Facilitarles o acceso, promoción e mantemento no seu posto de traballo.
- Potenciar o benestar das unidades familiares.

- Facilitar un tempo ás persoas que lles permita participar plenamente na súa comunitade (reunións nas AMPAS, participación en asociacións, asistencia a xornadas de interese persoal ou profesional, etc).

O obxectivo xeral respecto dos menores é o de ofertar cuidados básicos e atencións de carácter lúdico, social e educativo, no seu propio domicilio, aos menores que quedan solos en ausencia da súa nai, pai ou representante legal, sempre que non se puidese recorrer a outros recursos adecuados.

4. PRINCIPIOS REGULADORES DO PROGRAMA

O programa municipal de canguros rexeráse polos seguintes principios.

- **Flexibilidade e multifuncionalidade:** poderase acceder ao programa en diferentes momentos e horarios, conforme á necesidade de cada unidade familiar e dentro dos límites de disponibilidade do servizo.
- **Benestar do menor:** velarase en todo momento polo benestar do menor.
- **Intervención personalizada:** cada intervención concreta será resultado do contacto previo coa unidade familiar, tratando de dar resposta ás súas necesidades.

5. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias do servizo municipal de canguros as unidades familiares responsables de menores ao seu cargo con idades comprendidas entre 4 meses e 14 anos (podendo alcanzar como máximo ate os 18 anos en casos debidamente xustificados), que teñan necesidades obxectivables de conciliación dos campos laboral, familiar e persoal, e teñan dificultades para acceder a outros recursos normalizados, sempre que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases reguladoras.

6. REQUISITOS

Para acceder a este servizo deberán cumplirse os seguintes requisitos:

1. Requisitos xerais:

- a) A unidade familiar deberá estar empadroada e ter residencia efectiva no concello de Nigrán, cunha antelación mínima de 3 meses no momento da solicitude.
- b) A unidade familiar deberá precisar medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- c) A unidade familiar non poderá dispor dunha solución ou recurso adecuado para solventar as necesidades de conciliación.
- d) Que os menores non requiren de cuidados especiais que excedan a capacidade do servizo segundo a valoración dos Servizos Sociais municipais.
- e) Que a unidade familiar non teña sido excluída do servizo de xello motivado polos Servizos Sociais municipais.

2. Requisitos de natureza económica:

- a) Os ingresos económicos das unidades familiares en función do número de membros das mesmas (aplicados os gastos deducibles) non poderán superar en ningún caso os límites establecidos na seguinte táboa:

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos brutos anuais	Ingresos brutos medios mensuals
Familias de 2 membros	Hasta 15.745 €	1.312 €/mes



Familias de 3 membros	Hasta 18.894 €	1.574 €/mes
Familias de 4 membros	Hasta 22.673 €	1.889 €/mes
Familias de 5 membros	Hasta 27.207 €	2.267 €/mes
Familias de 6 membros	Hasta 32.649 €	2.270 €/mes
Familias de 7 miembros	Hasta 39.179 €	2.285 €/mes
Familias de 8 miembros	Hasta 47.014 €	3.918 €/mes
Familias de 9 o más miembros	Hasta 56.417 €	4.701 €/mes

Aos efectos anteriores, considerase unidade familiar a formada polo pai, nai, fillo ou persoa encargada da garda e protección do menor e dos fillos solteiros dos solicitantes menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar ata a data de aprobación das presentes bases.

b) Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obtiveran polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outra, nos 6 meses anteriores á data de solicitude.

No caso de existencia de recursos económicos depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada. Así mesmo terase en conta o saldo medio das contas correntes de toda a unidade familiar.

c) Dos ingresos netos medios mensuais descontarase os gastos de alugueiro e hipoteca ata un máximo de 300 €/mes.

d) Os solicitantes non poderán ter débedas contraídas co Concello.

e) Os solicitantes non poderán ser beneficiarios doutras axudas, subvencións ou ingresos que tifien a mesma finalidade.

7. ORZAMENTO

O orzamento total disponible para o Programa Municipal de Canguros será o que figure no Orzamento do Concello de Nigrán ou das achesgas de outras administracións.

O desenvolvemento do programa municipal de canguros e a prestación das axudas recollidas nas presentes bases está condicionado á tramitación do correspondente procedemento para a contratación dunha empresa que preste o servizo.

8. TIPOS DE AXUDAS

As axudas que se prestarán a través do programa municipal de canguros están constituidas polo conxunto de accións vinculadas ao cuidado e atencións a dispensar aos/as menores no seu propio domicilio. A prestación realizarase por persoal da empresa que o Concello contrate aos ditos efectos.

Está excluída do programa a realización de actividades relacionadas co servizo doméstico, agás naqueles casos puntuais e excepcionais nos que estas estean estreitamente vinculadas ao benestar do menor.

A duración do servizo será a do tempo indispensable, ata un máximo de 4 horas diarias, con

posibilidade de ampliación a 5 horas, en casos puntuais a valorar polos Servizos Sociais municipais, dentro do horario de 8,00 h. a 24,00 h.

9. XESTIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CANGUROS

O persoal técnico dos Servizos Sociais municipais será o encargado da xestión do programa municipal de canguros, sendo a súa labor valorar as solicitudes presentadas para o mesmo e realizar un seguimento dos casos en coordinación coa empresa prestadora do servizo.

10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Sr. Alcalde e presentáranse a través do rexistro xeral municipal ou por calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
2. O prazo de petición manterase aberto durante o exercicio 2016, cos límites dada dotación orzamentaria e da vixencia do contrato que subscrive o Concello para a prestación do servizo.
3. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo normalizado incluído como Anexo I das presentes bases.
4. A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases.
5. Xunto coa solicitude achegáronse a seguinte documentación de todos os membros da unidade familiar:
 - a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa á súa residencia legal en España.
 - b) Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollementos ou tutela.
 - c) Fotocopia da declaración de I.R.P.F. do ano corrente ou do anterior dependendo da date da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
 - d) Certificación actual de haberes emitida pola empresas ou nóminas. No seu defecto achegáronse xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos componentes da unidade familiar maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.
 - e) Certificacións actuais de pensiones, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos componentes da unidade familiar.
 - f) Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recéderase a declaración responsable sobre eles (declaración xurada).
 - g) Certificado de discapacidade e/ou dependencia se fose o caso.
 - h) Título de familia numerosa.
 - i) Vida laboral dos maiores de 16 anos.



- j) Convenio regulador sobre garda e custodia dos menores e pensión de alimentos.
- k) Contrato de aluguer ou último recibo da hipoteca.
- l) Denuncia por maltrato ou violencia de xénero ou doméstico, se fose o caso.
- m) Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade familiar, correspondentes aos doce meses inmediatamente anteriores á formulación da solicitude.

11. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

1. A tramitación destas axudas realizarase polos Servizos Sociais municipais, que recibirán as solicitudes e comprobarán os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirán aos interesados para que no prazo de 10 días hábiles subsanen as deficiencias ou acheguen a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, feránselles por desistidos da súa petición, logo da resolución oportuna.
2. Os Servizos Sociais municipais valoraran se procede adxudicar a axuda con arranxo aos seguintes criterios:
 - a) Caracter monoparental da familia.
 - b) Recursos económicos da unidade familiar.
 - c) Número de menores da unidade familiar.
 - d) Cómputo de horas que se utilizará o servizo, procurando facilitar o acceso ao mesmo ao maior número posible de solicitantes.
 - e) Circunstancias persoais e familiares que dificulten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos solicitantes.
 - f) Concorrência doutras solucións ou recursos adecuados para solventar as necesidades de conciliación.
 - g) Concorrência da necesidade de cuidados especiais dos menores que excedan a capacidade do servizo.
3. As axudas adxudicaranse a aquelas unidades familiares que acrediten reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, cando a valoración dos Servizos Sociais municipais sexa favorable á vista dos criterios expresados no punto anterior.
Se o número de solicitudes supera no seu importe total o da partida orzamentaria, darase prioridade, por este orde, ás familias monoparentais, as que teñan menor nivel de renda e ás que teñan maior número de menores ao seu cargo. Os empales resloveranse a favor de quien primeiro presentase a solicitude. / a favor de quien, a criterio xustificado dos Servizos Sociais municipais, teña unha maior necesidade deste servizo.

12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das axudas do programa municipal de canguros terán as seguintes obrigas:

- a) Facilitarán o acceso ao seu domicilio á persoa responsable do cuidado dos menores, previa identificación do persoal da empresa prestadora do servizo.

- b) A unidade familiar terá a obriga de aceptar, se os Servizos Sociais municipais así o consideran, a súa participación en actividades de formación e inserción tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e laboral, así como no Programa de Educación Familiar.

c) Facilitarán ao persoal municipal a información requirida, e nunca falsearán ou ocultarán datos ou documentos necesarios para a participación no programa municipal de canguros.

13. SEGUIMENTO DAS AXUDAS

Os Servizos Sociais municipais levarán a cabo o seguimiento de cada situación familiar e poderán solicitarlle aos beneficiarios a información ou documentación necesaria para a prestación do servizo de forma axeitada.

14. REINTEGRO E REGIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios da axuda, ou o incumprimento das obrigas recollidas nas presentes bases, dará lugar á prohibición de beneficiarse do programa municipal de canxuros por un período de 1 ano.

Ademais, o incumprimento destas obrigas ou, en xeral, de calquera das condicións establecidas nestas bases, dará lugar á suspensión ou extinción da axuda.

15. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016, e o inicio da dita vixencia dependerá do momento no que se poda iniciar a prestación do servizo por parte da empresa que o Concello contrate aos díctos efectos.

ANEXO I
PROGRAMA MUNICIPAL DE CANGUROS

SOLICITANTE

Nome e apelidos

DN:

Data de nascimento:

Ingresos/Procedencia:

Enderezo

Teléfonos:

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR



Alezgar: Si Non Importe:
Hipoteca: Si Non Importe:

SITUACIÓN NO MERCADO LABORAL

DESCRICIÓN DO SERVIZO

DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN E HORARIO

SOLICITO participar no Programa Municipal de Canguros

Nigrán, _____ de _____ de 2016.

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN."

TERCEIRO.- Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidente a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

CUARTO.- Advertir que contra o presente acordo poderá interponerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interponer e sexa conforme a dereito.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Non é para o ano 2016, senón de que ten carácter xeral. A finalidade é clara. O servizo farase a través de Mulleres Progresistas. As bases regulan o réxime aplicable.

Dª. M. Carmen Alonso Macías Jorrela, do grupo Popular: Pregunta se hai un estudio de demanda. En 2013 se houbo unha petición. Pasa o mesmo co programa do alzhéimer. Non hai informe do Interventor. Houbo reparos verbais na Comisión e pide que se fagan públicos.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide. Están a favor polas posibilidades que lle ofrece ás familias necesitadas. Pide que se avalie o funcionamento.

D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo UCN: Refírese ás características básicas. Parécelle que o horario é moi amplio. Falta o Informe escrito do Interventor, despois dos reparos verbais na Comisión. Tamén bota de menos a falta de estudo da demanda. Absterase.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O problema existe e require respostas. Alégrase da contribución económica da Deputación, e pensa que debe dársele a necesaria difusión de propaganda. Votará a favor.

Sra. Alonso Macías Jorrelo: Na época anterior só se cubrían necesidades puntuais.

Sr. Alcalde-Presidente: É para xente sen recursos suficientes. Non sería malo que cada vez o precise menos xente. Dálle a palabra ao Interventor.

Sr. Interventor: Xa formulou reparos na Comisión eludindo á falta de informes, e de competencias do Concello, á competencia deseal que supón con relación a empresas do sector ou á contradicción entre partes das bases, de xeito que non hai concordancia entre documentación requirida e obxectivos previstos. Os criterios non se puntúan. O horario é moi amplio e non se xustifica. Non hai tope de horas máis alá dos diarios.

Sr. Alcalde-Presidente: Pensa que neste caso o fin xustifica os medios.

Sr. Interventor: Tal como está regulado estas son as bases para acceder ao servizo que indicaba o Sr. Alcalde. Este ano sería prestado por unha entidade. Aínda figura no orzamento xeral do estado de gastos unha aplicación orzamentaria destinada a contratar externamente estes servizos de forma similar a como se presta co programa de atención a persoas con Alzheimer, que como algúm concelleiro indicou, o custo que está representando para o Concello é moi elevado e débese ter en conta que non se regulou a posibilidade ou non de que esa empresa poida utilizar locais municipais, mobiliario municipal que comprou o concello para prestar o servizo. están accedendo persoas que en principio non son enviadas ali polos servizos sociais deste concello. É dicir, que están accedendo particulares a este servizo, cuestión que non deberá suceder, ao igual que tampouco deberá suceder neste.

Votación e acordo.—Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP e UCN.

Coa maioria sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, indicando a Presidencia que o voto a favor da proposta comporta o levantamento dos reparos da Intervención.

I.5.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS, RELATIVO ÓS RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)



Expte: 16/0154SU

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016, á vista do expediente, ditamina favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"O 15 de xaneiro de 2015 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas integrados de Xestión (SIX) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) asinaron un Convenio marco de colaboración; ao que poderán adherirse voluntariamente as entidades locais para facilitarles a percepción dos custos adicionais efectivamente soportados por elas na recollida selectiva deste tipo de residuos.

O Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, que derrogou o Real Decreto 208/2005, de 25 de febreiro, mantién o principio de responsabilidade ampliada do produtor, de maneira que, en aplicación do principio de «quen contamina paga» o fabricante do equipo eléctrico ou electrónico ten a obrigación de assumir o financiamento da xestión dos residuos que proceden dos seus aparatos.

O 30 de marzo de 2016 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP asinan un Convenio marco de colaboración para a recollida e clasificación de residuos aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

Por acordo do pleno do 26 de abril de 2016 o Concello de Nigrán adírese a este último Convenio marco, con fin de dotar ao punto limpo de titularidade de Concello do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do convenio.

O procedemento de adhesión das entidades locais a este Convenio require que, antes do 31 de decembro de 2016, ditas entidades se adhiran tamén ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos sistemas colectivos de responsabilidades ampliada do produtor de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos vixente.

A vista de tales antecedentes proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Adherirse ao vixente Convenio Marco de colaboración en materia de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos sistemas, e facultar ao Alcalde para subscribir o documento oficial de adhesión."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. *Diego García Moreira*, concelleiro delegado: Fai un repaso dos antecedentes que figuran na proposta e os fins perseguidos.

D. *Anxo Daniel Mosquera Nogueira*, do grupo *Nigrán Decide*: A favor. Esperan que aumente a xente que separa estes residuos.

D. *Antonio Fernández Comesaria*, do grupo *UCN*: Apoiou o anterior convenio, este é

complementario. Votaré a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.6.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

Expte: 2012/0195

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016, ditamina favorablemente a seguinte proposta.

A Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, modificada pola Lei 14/2016, de 27 de xullo, inclúe no seu ámbito territorial ao termo municipal de Nigrán (art. 2) e asigna tres representantes na assemblea metropolitana aos concellos que, como o de Nigrán, contén cunha poboación entre 15.001 e 20.000 habitantes (art. 5). As persoas titulares das alcaldías serán membros natos da assemblea metropolitana e os demás representantes son designados polo pleno do concello de entre os seus integrantes, tomando coñecemento das designacións feitas polos grupos políticos (art. 6) aos que corresponda representación segundo o previsto na Disposición transitaria segunda da propia Lei.

O Pleno do Concello de Nigrán, con data 31 de maio de 2012, designou representantes na assemblea metropolitana. Constituída en xuño de 2015 a nova Corporación municipal saída das últimas eleccións locais o Concello ainda non nomeou aos novos representantes na referida assemblea que, por outra parte, tampouco chegou a constituirse desde a entrada en vigor da citada Lei 4/2012.

Tendo en conta as disposicións aplicables, a representación dos distintos grupos na Corporación municipal e a previsión de que en datas próximas poña finalmente constituirse a expresada assemblea metropolitana, á vista da comunicación do 12-08-2016 (registro de entrada n.º 10794 do 18-08-2016) do Concello de Vigo, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Designar como representantes do Concello de Nigrán na assemblea da Área Metropolitana de Vigo ao Sr. Alcalde e a dous concelleiros ou concelleiras, un deles á proposta do grupo Socialista e o outro do grupo Popular.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume a cuestión e informa das propostas dos partidos PP e PSOE.



Sr. Secretario: En resposta a preguntas formuladas, entende que hai que votar a designación D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Non teñen opción de decidir.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 14; PSOE, PP e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 3; Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno, assumindo o ditame da Comisión Informativa, acorda que o Concello de Nigrán esté representado na assemblea da Área Metropolitana de Vigo polo Sr Alcalde e polo Concelleiro D. Rubén Rial Sánchez, proposto polo grupo Socialista, e polo Concelleira D.* María Carmen Alonso Macías Jorrote, proposta polo grupo Popular.

I.7.- MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DO II PLAN DE BECAS MUNICIPALS DE NIGRÁN

Expte: AEDL

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016, ditaminou favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía:

'EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 31/05/16, o Pleno do Concello na súa sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a convocatoria do II Plan de Becas Municipais de Nigrán.

Esta convocatoria foi remitida ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a normativa de aplicación en vigor, publicándose o seu extracto o 19/07/16 e abrindo, a partir dessa data, o prazo oficial de presentación de instancias.

A maiores da publicación obligatoria e oficial no BOP, a existencia deste plan foi difundida a través da totalidade de medios dos que dispón esta administración local: prensa, páxina web, correos electrónicos a distintas entidades, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... confiando en que, dado o proyeito formativo e laboral que as persoas beneficiarias poderían obter desta iniciativa, houbese un importante número de persoas interesadas que permitise poner en marcha dito programa.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 02/08/16, a realidade foi que non houbo candidaturas presentadas a ningunha das seis prazas ofertadas (catro para o ciclo medio de xestión administrativa e dúas para o ciclo superior de administración e finanzas), polo que a convocatoria decaeu.

Como primeira medida para intentar amanxer esta situación e permitir o acceso ás becas as persoas interesadas que por diferentes motivacións non houbesen podido presentarse no prazo inicial, esta corporación decidiu abrir un novo prazo de

presentación de solicitudes (do 16/08/16 ao 15/09/16), que foi novamente publicitado de xeito máis xeralizado posible.

A día de hoxe, o concello se atopa novamente coe inexistencia de candidaturas válidas e, polo tanto, ante a decisión de eliminar un programa no que confía e que está seguro de que pode supoñer unha gran vantaxe competitiva á hora de incorporarse ao mercado laboral ordinario de todas aquelas persoas que poidan participar nel ou reformulalo para adaptalo ás actuais circunstancias.

Ovientemente, parece existir algúun problema que impide e/ou dificulta o acceso da nosa veciñanza a este plan, polo que, ante esta situación esta corporación analizou o conxunto das bases tendo en conta as distintas incidencias que se produciron durante o período de presentación de candidaturas e a información facilitada polas potenciais persoas beneficiarias, propoñendo neste momento modificacións en dous apartados: requisitos mínimos e destino das bécas.

A) REQUISITOS MÍNIMOS

Esta corporación considera que pode e debe realizarse unha modificación dos devanditos requisitos de tal xeito que, mantendo en todo momento o obxectivo de priorizar a incorporación a este programa de persoas empadroadas en Nigrán, desempregadas e sen experiencia previa na súa rama de titulación, poida ampliarse o conxunto de potenciais persoas beneficiarias.

Así, estes requisitos mínimos quedarían especificados como se expresa a continuación:

REQUISITOS MÍNIMOS: as persoas interesadas terán que

- Estar en posesión das titulacións e perfil específico que se establezan para cada unha das becas convocadas.
- Ter rematadas ditas titulacións no ano 2009 ou con posterioridade a esa data.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga 111.
- Non estar incapacitadas fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da beca.
- Estar desempregadas inscritas na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de presentación da solicitude, tendo, nun cómputo total dos últimos 24 meses contabilizados ata a data de presentación da instancia de participación, un mínimo 180 días de desemprego acreditados segundo certificado de períodos de inscrición. Permitírerase a mellora de emprego, sempre que, segundo reflecta á vida laboral da persoa candidata no apartado "CTP %", dita porcentaxe non sexa superior ao 18,75%.
- Constar empadroadas neste concello, con antigüedad de seis meses, en relación coa data desta convocatoria.
- Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado/a contratado/a polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida máis de 31 días, ou non ter estado/a de alta como autónoma, en actividades relacionadas co obxecto da beca máis de 31 días, nem gozar con anterioridade doutra beca de calquera organismo público e/ou privado para formarse na súa rama profesional e para a mesma titulación.
- Estar dispostas a asumir os gastos de desprazamento ao centro de formación de



destino.

- Non estar incursas nalgúnha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

B) DESTINO DAS BECAS

Neste caso, esta corporación considera tamén que pode facerse unha reformulación máis ampla do destino das becas convocadas, de tal xeito que as persoas finalmente incorporadas poidan formarse en varios departamentos, aumentando así os coñecementos e habilidades adquridas ao longo do período de duración da súa beca.

Así, as becas convocadas quedarán especificadas como se expresa a continuación.

BECAS CONVOCADAS.

1. Catro (4) becas de ciclo medio de xestión administrativa para distintos departamentos municipais (ANEXO I).
2. Dúas (2) becas de ciclo superior de administración e finanzas para distintos departamentos municipais. (ANEXO II).

Partindo do xa expoñido e analizados os antecedentes especificados, esta Alcaldía formula a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar a modificación das bases de convocatoria do II Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán, incluíndo as variacións que se recollen nesta proposta e a sustitución de dúas persoas integradas inicialmente nos tribunais de selección que, por diferentes circunstancias médicas, se entende que non poderán participar nos novos procesos que se establezan para a execución deste programa unha vez modificado.
2. Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación, para levar esta modificación á correspondente aprobación plenaria e, no caso de ser xurídicamente necesario, a unha nova publicación no BOP de Pontevedra.
3. Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes, que dependerá da necesidade ou non de realizar unha nova publicación no BOP de Pontevedra.
4. Proceder a informar destes cambios mediante prensa, páxina web, correos electrónicos a distintas entidades, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... para acadar a súa máxima difusión.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Dª. Raquel Giraldez Armas, concelleira delegada: Describe o proceso seguido coas becas anteriores. Non houbo aspirantes e por iso se proponen modificacións.

Dª. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular: É chocante que non se cubrisen. As modificacións, sobre todo o feito de haber traballado, xeran dúbidas. Faltan informes. O expediente non está fiscalizado.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Parécelle ben que se rectifique. Teñen unha emenda. A beca de formación require non ter experiencia na propia área de coñecemento. A emenda trata de evitar excluir aos que remataron este ano. Propón substituir os 180 días de desemprego acreditados, por 30 días.

D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo UCN: O plan busca un obxectivo interesante. Aínda fallando a fiscalización aquí, lembra que a houbo no expediente previo.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: No acordo precedente abstívose. O risco é a asimilación ao traballo dos empregados municipais. Se son prácticas laborais as condicións deberían ser outras. O problema é de deseño.

Sra. Giráldez Armas: Espera que agora si haxa candidatos. Non son postos de traballo. Aceitan a proposta de Nigrán Decide.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstención: 7; PP e BNG.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello, modificando a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, no que se refiere aos días de desemprego acreditados, que pasan de 180 a 30, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das bases de convocatoria do II Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán, que quedan redactadas nos seguintes termos:

BASES DE CONVOCATORIA

II PLAN BECAS MUNICIPALS DO CONCELLO DE NIGRÁN

1. OBXECTO DESTA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto a convocatoria do Segundo Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán (PBM) orientado a que as persoas participantes adquiran cualidades valoradas polo entorno empresarial mellorando tanto as súas habilidades profesionais como persoais, necesarias para desenvolver a súa carreira profesional en contextos como o actual, altamente competitivos e dotando aos/as beneficiarios/as das competencias e aptitudes necesarias para facilitar e mellorar a súa inserción no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desenvolvemento profesional nas distintas organizacións empresariais existentes.

2. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán ser beneficiarias destas becas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión das titulacións e perfil específico que se establezan para cada unha das becas convocadas.
- Ter rematadas ditas titulacións no ano 2009 ou con posterioridade a esa data.



- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga III
- Non estar incapacitadas físicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da beca.
- Estar desempregadas inscritas na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de presentación da solicitude, tendo, nun cálculo total dos últimos 24 meses contabilizados ata a data de presentación da instancia de participación, un mínimo 30 días de desemprego acreditados segundo certificado de periodos de inscrición. Permitírse a mellora de emprego, sempre que, segundo reflecta á vida laboral da persoa candidata no apartado "CTP %", dita porcentaxe non sexa superior ao 18,75%.
- Constar empadroadas neste concello, con anzugüidade de seis meses, en relación coa data desta convocatoria
- Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado/a contratado/a polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida máis de 31 días, ou non ter estado/a de alta como autónomo/a, en actividades relacionadas co obxecto da beca máis de 31 días, nem gozar con anterioridade doutra beca de calquera organismo público e/u privado para formarse na súa rama profesional e para a mesma titulación
- Estar dispostas a asumir os gastos de desprazamento ao centro de formación de destino.
- Non estar incursas na algúns das prohibicións sinaladas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. NATUREZA XURÍDICA DO PBM.

Este programa de formación e capacillación profesional, incluído na Líña Estratéxica nº 5 do Plan estratéxico de subvencións aprobado no Pleno do 31/03/16 e financiado con cargo a fondos municipais, está directamente vinculado á previa realización e finalización dos ciclos medios e/ou superiores de FP que se convocan en cada oferta, e ten un carácter práctico fundamental, ao consistir esencialmente na realización de prácticas formativas en distintos departamentos municipais de forma titonizada.

A obtención das becas incluidas no PBM xera o dereito a percibir a asignación económica coa que están dotadas, sen que en ningún caso a realización do programa de formación de lugar á existencia de relación laboral de ningún tipo entre o/a becario/a e o concello, polo que, ao seu remate, o participante non xera dereito a ningún tipo de indemnización.

Nestas becas de formación para a inserción laboral, cumprirase a normativa de aplicación, como a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social e o Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Régime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

4. ESTATUS XURÍDICO DOS/AS BECARIOS/AS.

O estatus xurídico das persoas ás que se adxudiquen estas becas será de becarios/as do Concello de Nigrán. Durante o seu período de formación, quedarán suxeitos/as ás normas desta administración local, sen que en ningún caso iso comporte a existencia de relación laboral de ningún tipo entre esta entidade e o/a becario/a, posta que a relación que hace da concesión da beca é de natureza extra laboral.

As becas serán concedidas por este concello en interese do/a propio/a beneficiario/a, tendo a dotación económica das mesmas a natureza de axudas a súa formación ou gratificación, e non de remuneración ou salario.

Durante o período de formación, as/as becarios/as deberán atender as orientacións que lles formulen as/as titulares/as designados/as polo concello, no exercicio da súa acción formativa. Os/as titulares/as avaliarán a actitude e aptitude dos/as becarios/as respecto da formación práctica que se lleve a cabo. A labor formativa desenvolvida polo concello a favor dos/as becarios/as non supóna a existencia dun vínculo laboral entre ambas partes.

As actividades dos/as becarios/as serán formativas e de carácter práctico, sen que en ningún suposto ostenten a condición de responsables, ni tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. Os/as becarios/as deberán estar supervisados/as e controlados/as polo titor/a que se lles designe que será quem adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque as/as becarios/as aproveiten con éxito o proceso de formación.

Os/as becarios/as, atendidas as características deste plan, serán incluídos/as, por assimilación, no Régime Xeral da Seguridade Social en función do previsto no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Régime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, accedendo á acción projectorada da Seguridade Social do Régime Xeral da Seguridade Social, coa única exclusión da protección por desemprego, FGS e FP.

5. DURACIÓN.

As becas de formación terán unha duración de 6 meses, prorrogables por outros seis, en función do aproveitamento demostrado durante o primeiro período formativo, e a proposta dora titor/a correspondente co visto e prace do Alcalde, unha vez analizada a memoria obligatoria por parte de cada unha dos/as beneficiarios/as.

A data de inicio deste programa será fixado polo concello en atención ás circunstancias e disponibilidade desta entidade en relación coa implantación do programa formativo e será comunicada aos/as becarios/as con antelación suficiente ao momento de inicio.

6. DOTACIÓN ECONÓMICA.

A dotación económica das becas, determinada polo nivel de titulación, será de 600,00 euros brutos/mes para calquera nivel de ciclos de formación profesional, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias correspondentes: 241/48100, aplicación: Becas fomento de emprego.

O pagamento das becas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou a parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividad remunerada, calquera que sexa a súa natureza, polo que, aquelas persoas seleccionadas que estivesen inscritas en mellora de emprego non poderán compaxinar o traballo co desenvolvemento da beca.

Como xa se sinalou, a consideración de becario/a non xerará, ao remate da mesma, dereito a ningún tipo de indemnización económica.

7. DEREITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DO PBM.

Os/as participantes neste programa terán os seguintes dereitos:

1. Destruir dun período máximo de 6 meses, prorrogables por outros 6, de formación práctica nalgún dos departamentos municipais determinado en correlación coa formación previa dola beneficiario.
2. Poner en práctica os coñecementos adquiridos durante a carreira profesional mediante



3. a realización de prácticas formativas nun entorno de traballo real
Desenvolver as habilidades e competencias profesionais e persoais acordes ao seu perfil.
4. Toman contacto coa realidade laboral e desenvolver a sua capacidade de adaptación e integración na dinámica cotiá da entidade.
5. Acceder ao Réxime Xeral da Segundade Social a á súa acción protectora, segundo o establecido no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Segundade Social das persoas que participen en programas de formación.
6. Ser tutorizado/a por algún profesional municipal directamente relacionado/a coa área de formación e tarefas a desenvolver por parte do/a beneficiario/a.
7. Percibir unha dotación polo período formativo integrada por:
Tunha asignación de 800,00 euros brutos por cada mes (xornada completa), en que desenvolva de forma eficaz e efectiva a formación práctica en que consiste a beca, ou a cantidade económica proporcional que corresponda en función da data de incorporación e finalización da mesma. Sobre esta conta, o concello practicará as retencións que resulten esixibles, no seu caso, de acordo coa normativa aplicable incluída a cantidade que en concepto de aportación pola beca deba aboarse á Segundade Social.
8. Desfrutar dun permiso de formación a domicilio de 11 días hábiles por cada período de formación de 6 meses, que, para únicos os efectos de control administrativo, solicitarase de conformidade co establecido na normativa municipal para o desfrute das vacacións dos/as empregados/as públicos/as.

8. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DO PBM.

As obrigas que terán que asumir os/as beneficiarios/as destas becas son as seguintes:

1. Incorporarse ao concello no departamento e na data sinalada.
2. Respectar, en todo momento, a normativa do concello, seguindo as instrucións que lle sexan dadas polo mesmo e cumprir o programa formativo.
3. Cumprimentar e remitir ao concello, dentro do prazo que se lles traxade, a documentación que se exixa ao adjudicárselles as becas.
4. Observar durante todo o período da beca a actitude e o interese necesarios para un bo aproveitamento da formación.
5. Atender ás orientacións que reciban dos/as titulares/as no ejercicio da súa acción formativa, integrándose na dinámica do departamento ao que sexan asignados/as.
6. Respectar en todo momento o Plan de Prevención de Riscos do concello, do que serán debidamente informados/as polo mesmo.
7. Cumprir as normas establecidas polo concello en todo o relativo ao desenvolvemento profesional tales como horario, asistencia, puntualidade, realización das tarefas encargadas, etc., debendo observar rigorosamente en todos os seus aspectos o plan de formación concretado pola titoría que lle sexa asignado/a.
8. Asistir e participar de xeito activo nas reunións de titaria que poidan organizarse, no seu caso.
9. Comunicar de inmediato ao/a seu/a titor/a calquera incidencia que afecte ao normal desenvolvemento do período formativo.
10. Asistir e participar activamente nas distintas actividades que o concello poña en marcha dentro deste programa (formativas, divulgativas, organizativas...), para garantir o seu correcto desenvolvemento.
11. Guardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre canta información poida chegar a coñecer en relación co desenvolvemento da súa beca. Este compromiso será válido, non só durante a beca, senón tamén unha vez finalizada esta.
12. Elaborar unha memoria á finalización do primeiro período formativo de 6 meses (documento que será analizado pola titoría e base da súa proposta de prórroga ou

- non da beca) e, no seu caso, unha memoria final sobre os contidos formativos teórico/prácticos adquiridos ao longo do proceso.
13. Comunicar de forma oficial e fidedigna, en caso de enfermidade ou accidente, a súa situación a este concello, presentando o oportuno parte médico xustificativo.
 14. Os dereitos de propiedade intelectual ou industrial rexistrados que, no seu caso se puiden derivar da aplicación da acción formativa recibida polos/as becarios/as, pertencerán ao concello, sen prexulzo de que, previa autorización escrita deste, poidan ser empregados polos/as becarios/as.
 15. Rexistar, pola incompatibilidade xa recollida no apartado 6 destas bases, a calquera outra actividade remunerada durante o disfrute da beca.

9. ANULACIÓN E/OU REVOCACIÓN DA BECA.

O Concello de Nigrán poderá resolver de forma unilateral a beca suspendendo o aboamento da mesma, no suposto de que se advirte unha falta de actitude e/ou aptitude esixible ao/a beneficiario/a da mesma, mediante escrito debidamente motivado notificado ao/a beneficiario/a de forma oficial.

O/a beneficiario/a poderá renunciar de forma voluntaria á beca, mediante escrito dixido ao concello e notificado de forma oficial.

As vacantes producidas por estes ou outros motivos, poderán cubrirlas sempre que, a xuízo motivado e escrito da/la titor/a, o período de tempo restante para a finalización da beca permita un aproveitamento formativo axeitado ao/a beneficiario/a.

De concurrer alguma das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. Xeral de Subvencións, corresponderá o reintegro total cando o/a beneficiario/a incumpra total e absolutamente as condicións impostaas para a concesión e a execución desta beca.

10. INCIDENCIAS NO DISENVOLVEMENTO DO PBM.

Calquera incidencia xurdida no desenvolvemento deste programa será resolta por parte do concello, sen posibilidade de recurso.

11. FINALIZACIÓN DA BECA.

Ao remate da beca, o concello expedirá unha certificación, segundo o establecido no artigo 1.2 do Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os lembros e as condicións de inclusión no Régime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, no que se fará constar, de conformidade coa valoración efectuada pola/la titor/a designado/a, o grao de aproveitamento formativo obtido polo/a beneficiario/a.

12. BECAS CONVOCADAS.

1. Cuatro (4) becas de ciclo medio de xestión administrativa para distintos departamentos municipais. (ANEXO I).
2. Dúas (2) becas de ciclo superior de administración e finanzas para distintos departamentos municipais. (ANEXO II).

13. CLÁUSULAS COMÚNS A TODAS AS BECAS CONVOCADAS:

13.A) CARACTERÍSTICAS DAS BECAS CONVOCADAS:

- Tipo de xornada: completa, de luns a venres, en horario de mañá e/ou tarde, en función



do departamento de destino para as becas de ciclo medio de xestión administrativa, e de Iuns a vertres, en horario de mañá para as becas de ciclo superior de administración e finanzas.

- Condicions económicas: 800,00 euros brutos ao mes.
- Tipo de relación xurídica: beneficiario/a dunha beca de formación do Concello de Nigrán.
- Tipo de sistema de acceso á beca proba teórico/práctica e baremación curricular, partindo dos requisitos mínimos establecidos na norma reguladora desta liña de becas.

13.B) REQUISITOS MÍNIMOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA:

Poderán ser beneficiarias destas becas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os requisitos recollidos na Cláusula 2 das Bases Xerais de convocatoria, asinadas polo Alcalde-Presidente.

13.C) SISTEMA DE ACCESO Á BECA: estará composto por tres partes:

- Proba práctica escrita, eliminatoria e puntuable: mínimo 3,00 puntos máximo 6,00 puntos.
- Proba práctica oral - Entrevista curricular persoal non eliminatoria e puntuable: máximo 1,00 punto.
- Valoración CV, non eliminatoria e puntuable: máximo 3,00 puntos.

13.D) DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ACCESO Á BECA.

13.D.1. Proba práctica escrita eliminatoria e puntuable; mínimo 3,00 puntos, máximo 6,00 puntos.

O Tribunal establecerá un conxunto de probas nas que se valorará ademais dos coñecementos propios da titulación requirida, o manexo de equipos informáticos e Internet, o dominio do idioma galego, a capacidade de redacción, os coñecementos sobre Nigrán, e demais aspectos técnicos necesarios para realizar as tarefas propias da beca.

Consistirá en demostrar o correcto manexo do programa Open Office Writer (tratamento de textos) e Open Office Calc (folla de cálculo) durante un período máximo de 60 minutos na execución dun/s exercicio/s establecido/s polo Tribunal. Ademais do coñecemento da/s aplicación/s, terase en conta a rapidez e a perfección na realización dos mesmos.

Será necesario obter 3,00 puntos para pasar á seguinte fase de selección. Os/as aspirantes que non superasen esa puntuación quedarán eliminados/as do proceso.

13.D.2. Proba práctica oral/Entrevista curricular persoal, non eliminatoria e puntuable; máximo 1,00 puntos.

O Tribunal dirixirá aos/as aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada ou relativas a aspectos profesionais e/ou técnicos que se consideren axeitadas para garantir a idoneidade do/a candidato/a á beca.

13.D.3. Baremación de CV, non eliminatoria e puntuable; máximo 3,00 puntos, en función do establecido en cada un dos Anexos que integran esta convocatoria, para cada titulación.

Unha vez rematado o proceso de acceso á beca e, en aplicación da Lei Orgánica 3/2007, de 23 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, en caso de empate en puntos entre un home e unha muller, primarase a presencia de mulleres en sectores nos que se atopan intrarrepresentadas. Se o empate se producise entre dúas persoas do mesmo sexo, ou sendo de sexos distintos non houbese lugar a aplicar a devandita lei orgánica e non existise ningún criterio técnico para proceder ao desempate, primarase a presentación oficial da solicitude de participación por Rexistru de Entrada.

Tras este proceso de selección, as posibles suplencias, quedarán establecidas por orden de puntuación segundo recolla a acta de selección.

13.E) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As persoas que desexen tomar parte neste proceso de acceso ás becas, deberán facelo mediante instancia dinxida ao Sr Alcalde-Presidente xunto co resto da documentación mínima recollida na convocatoria. O modelo de instancia específico, estará a disposición de todos/as os/as candidatos/as no Rexistro Municipal, no Departamento de Desenvolvemento Local, no Centro Antena e na páxina web municipal.

A presentación das solicitudes poderá facerse no Rexistro Municipal ou en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Co fin de axilizar o proceso, os/as aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no Rexistro Municipal, deberán comunicalo por telegrama, fax (986 363 931), ou outro medio no mesmo día da súa presentación, que deberá estar sempre dentro do prazo establecido nestas bases.

Os/as aspirantes que precisan adaptacións de medios e/ou tempo para a realización das probas de acceso ás becas presentarán escrito, xunto á solicitude de participación, no que se especifique o tipo de adaptación que solicitan, así como o certificado médico xustificativo da adaptación solicitada. A adaptación de tempos levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación destas bases no BOP de Pontevedra.

13.F) ADMISIÓN DE PARTIPANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía dictará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluidas, expresando as causas de exclusión. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

As persoas excluídas ou omillidas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do dia seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e aprobando a lista definitiva, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

No caso de non existiren aspirantes excluidos/as, poderase elevar a definitiva á lista provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso de acceso á beca.

Posteriormente, unha vez finalizado este prazo, mediante resolución da Alcaldía aprobarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluidas, e convocárase aos/as aspirantes admitidos/as mediante a publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

13.G) É IMPRESCINDIBLE PRESENTAR:

1. Modelo oficial de instancia/declaración xurada asinado e datado. orixinal.
2. DNI: copia compulsada.
3. Título oficial requerido como requisito mínimo; copia compulsada
4. Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega (nível mínimo Celga III); copia compulsada.
5. Certificados/diplomas dos cursos públicos realizados e relacionados coa beca á que se opta: copias compulsadas.



6. Carnets profesionais relacionados coa beca á que se opta: copias compulsadas.
7. Certificado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego: orixinal/copia compulsada.
8. Vida laboral actualizada: orixinal/copia compulsada.
9. CV actualizado: orixinal.
10. En xeral, calquera outra documentación que os/as interesados/as consideren de relevancia neste proceso de acceso á beca.

No caso de ser seleccionado/a o/a becario/a deberá presentar nos primeiros 15 días de incorporación á beca, un Certificado Médico Oficial que acredite que non padece ningunha enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións propias da beca. A falta de tal documento considerarase como causa de posible rescisión da beca.

No caso de ser seleccionado/a, o/a becario/a deberá manter as condicións que permitiron o seu acceso ao PBM. A variación destas condicións poderá dar lugar á anulación da súa selección, pasándose á seguinte persoa da lista en orde de puntuación.

13.H) LISTA RESERVA,

Con todos/as aqueles/as aspirantes que non sexan propostos/as para incorporarse á beca, e superaran todos os exercicios, elaborarase unha lista de reserva.

A lista de reserva elaborarase, por orde de puntuación, e cando sexa necesario procederase aos correspondentes chamamentos, ofertándose a o/a primeiro/a da lista, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. No caso de non contestar ao chamamento nas 48 horas seguintes á notificación oficial por escrito, procederse a chamar a o/a seguinte da lista.

13.I) INCIDENCIAS

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adoptar as resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do proceso.

13.J) RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e carcos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos/as interesados/as ante o órgano da xurisdicción contencioso - administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contenciosa - Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro. Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

CONVOCATORIA DE CATRO (4) BECAS CICLO MEDIO EN XESTIÓN ADMINISTRATIVA

A) CARACTERÍSTICAS DAS BECAS CONVOCADAS:

Número e definición das becas: catro (4) becas para ciclo medio en xestión administrativa para distintos departamentos municipais.

B) DESENVOLVIMENTO DO PROCESO DE ACCESO Á BECA.

B.1. Proba práctica eliminatoria e puntuable: mínimo: 3,00 puntos; máximo 6,00 puntos, en función do establecido na Cláusula Xeral 13.D.1

B.2. Proba oral/Entrevista curricular persoal puntuable non eliminatoria: máximo 1,00 punto, en función do establecido na Cláusula Xeral 13.D.2

B.3. Baremación de CV, puntuable non eliminatoria: máximo 3,00 puntos.

a) Formación regulada de carácter superior á esixida para optar á beca a que se presente ora candidatola e relacionada co contido da mesma: máximo 2,00 puntos

- licenciatura e/ou superior: 2,00 puntos
- diplomatura: 1,50 puntos.
- FP grao superior: 1,00 puntos

b) Formación complementaria impartida por entidades públicas relacionada co contido da beca: máximo 1,00 puntos

- cada curso de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- cada curso de 21 a 40 horas 0,15 puntos.
- cada curso de máis de 40 horas: 0,20 puntos.

C) NOMEAMENTO DO TRIBUNAL:

A composición do organo de selección é predominantemente técnica. Todas as persoas que o integran contan cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á beca. Non forma parte o persoal de elección ou designación política e o persoal eventual

Presidente: dona María Carmen Iglesias Rial, coma titular, dona Soledad Herminia Hernández Sanromán, coma suplente.

Vogais titulares

dona María Jesús Beltrón Sanromán.
don Raimundo Fernández Figueiroa.

Vogais suplentes:

dona Cristina Abalde Román.
dona Leticia Olaz Alcáide

Secretaría (con voz sen voto): dona María Xesús Secane Lema, coma titular; dona Susana Durán Martínez, coma suplente.

O tribunal poderá disporfer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas correspondentes que xulgue oportuno, limitándose os/as asesores/as a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

ANEXO II

CONVOCATORIA DE DÚAS (2) BECAS CICLO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

A) CARACTERÍSTICAS DA BECA CONVOCADA:

Número e definición das becas: dúas (2) becas para ciclo superior de administración e finanzas para distintos departamentos municipais.

B) DESENVOLVIMENTO DO PROCESO DE ACCESO A BECA.



B.1. Proba práctica eliminatoria e puntuable: mínimo: 3,00 puntos; máximo 6,00 puntos, en función do establecido na Cláusula Xeral 13.D.1.

B.2. Proba oral/Entrevista curricular persoal puntuable non eliminatoria; máximo 1,00 punto, en función do establecido na Cláusula Xeral 13.D.2.

B.3. Baremação de CV, puntuable non eliminatoria; máximo 3,00 puntos

a) Formación regulada de carácter superior á esixida para optar á beca a que se presenta o/a candidato/a e relacionada co contido da mesma: máximo 2,00 puntos

- licenciatura e/o u superior 2,00 puntos
- diplomatura 1,50 puntos.

b) Formación complementaria impartida por entidades públicas relacionada co contido da beca: máximo 1,00 puntos.

- cada curso de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- cada curso de 21 a 40 horas 0,15 puntos
- cada curso de máis de 40 horas. 0,20 puntos.

C) NOMEAMENTO DO TRIBUNAL:

A composición do órgano de selección é predominantemente técnica. Todas as persoas que o integran contan cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á beca. Non forma parte o persoal de elección ou designación política e o persoal eventual.

Presidenta: dona Alejandra Cruces Pallarés, coma titular, dona María Aurora De Castro Valverde, coma supiente

Vogais titulares:
dona Elba Durán Martínez.
don Raimundo Fernández Figueroa.

Vogais supientes:
dona Julia Dópico Gómez,
dona María Luisa Barros Vidal.

Secretaria (con voz sen voto): dona María Xesús Seoane Lema, coma titular; dona Susana Durán Martínez, coma supiente

O tribunal poderá disponer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas correspondentes que xulgue oportuno, limitándose os/as asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

SEGUNDO.- Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación, para levar esta modificación á correspondente aprobación plenaria e, no caso de ser xuridicamente necesario, a unha nova publicación no BOP de Pontevedra.

TERCEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes, que dependerá da necesidade ou non de realizar unha nova publicación no BOP de Pontevedra.

CUARTO.- Proceder a informar destes cambios mediante prensa, páxina web, correos electrónicos e distintas entidades, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... para acadar a súa máxima difusión.

I.6.- ALMACÉN TALLER MUNICIPAL NO SAU - 9

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais de 22 de setembro de 2016, previa declaración de urgencia, dímatina favorablemente a seguinte proposta do grupo Popular:

El Ayuntamiento de Nigrán solicitó y recibió de parte de la Diputación de Pontevedra un ANTICIPO reintegrable destinado a comprar una parcela en el SAU 9 (Parque Empresarial Porto do Molle) para construir en dicha parcela una edificación destinada a uso como almacén-talleres municipales.

I.- En el presupuesto municipal 2016 del Ayuntamiento se incluyó una partida destinada a elaborar el proyecto técnico preciso para la construcción de dicha edificación.

II.- Visto lo anteriormente referido en nombre y representación del Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Nigrán formuló al Pleno la siguiente propuesta para su discusión y aprobación si así se considera oportuno:

1.- Instar al Equipo de Gobierno del Ayuntamiento de Nigrán a que presente al Pleno antes de finalizar el año 2016 propuesta en forma de Moción para aprobación en este, en la que se incluya el importe económico a disponer para construir y dotar de equipamiento al edificio designado a almacén-talleres municipales y alternativas de financiación de la inversión indicada.

2.- Asimismo se solicita se presente como complemento del punto anterior cronograma con la planificación de la ejecución de obra y dotación de equipamiento preciso de forma previa a inicio de actividad de la instalación municipal descrita.

Deliberación.- Síntese das intervencións

Dª. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular: Non propuxeron a urgencia na Comisión Informativa, senón que foi o Alcalde quien o fixo. Pide que se corrixa a acta.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: As mociones presentáronse para ser tratadas pola vía ordinaria, e non de urgencia. Na Comisión Informativa apreciouuse a urgencia, cando esta non era a intención do grupo propONENTE. Ainda non se utilizou o préstamo que se pediu á Deputación. O que se lle pide ao goberno é que presente as contas das necesidades a cubrir e dos recursos a utilizar xunto cun cronograma da obra.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Á vista da postura do grupo Popular, o mellor sería que quede sobre a mesa e que se trate nunha próxima sesión.

Sr. García Pazos: Mantén a moción, porque xa se declarou de urgencia na Comisión.

Dª. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: Buscouse a mellor parcela na zona empresarial que se adapte ás necesidades. É propiedade de Zona Franca. Pediuse informe da consignación hoxe. Absteranse no relativo á moción.

Sr. García Pazos: Non se está falando da parcela, senón doutras cousas. Levamos un ano de



demora.

D. José Cuevas Reposo, do grupo Nigrán Decide: Queren que se constrúa o almacén Absteranse. A moción ten algo que lle s'gusta, porque fixa prazos. Os recursos do Concello son limitados. Hai que fixar prioridades e analizar isto globalmente.

Sr. Fernández Comesaría: Se a moción non ten sentido segundo o goberno, deberían votar en contra. Pidelle diligencia aos técnicos. El votará en contra.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Está de acordo coa necesidade. O financiamento está claro, o crédito da Deputación a Interese cero. Apoia a moción.

Sr. García Pazos: Non se trata da compra do terreo. O Concello ten moita capacidade de endebedamiento para realizar infraestruturas.

Sr. Alcalde-Presidente: Os terreos están en fase de compra e pagase un alugueiro, de aí a necesidade de construir un almacén noso.

Votación e acordo. - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PP e BNG
- Votos en contra: 1; UCN.
- Abstencións: 9; PSOE e Nigrán Decide.

Coa maioria sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión Informativa.

I.9.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR: PLAN EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS SAU - 9

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016, previa declaración de urxencia, ditamina desfavorablemente a seguinte proposta do grupo Popular:

I.- En el SAU 9, dentro de las diferentes calificaciones de usos de suelo se encuentra un espacio de una superficie de 22.000 metros cuadrados destinados a uso deportivo, siendo el titular de dichos terrenos ya urbanizados el Ayuntamiento de Nigrán.

II.- El desarrollo de dicho espacio permitirá aumentar el abanico de servicios deportivos que el Ayuntamiento pueda ofrecer a sus vecinos e incluso a todos los habitantes del Valle Miñor; y aumentar la disponibilidad de aquellas actividades deportivas actualmente insuficientes.

III.- Las decisiones que puedan afectar a varios mandatos municipales deberían ser aprobadas en sesión plenaria, de igual forma que desde el punto de vista financiera las operaciones de endeudamiento a largo plazo se acuerden por aprobación plenaria.

IV.- En el momento actual la composición del Pleno de Nigrán está establecida con 7 representantes del PSOE (avalados por 3.411 votos), Partido Popular con 6 concejales (2.958 votos), Nigrán Decide 2 concejales (880 votos), UCN 1 concejal (642 votos) y BNG 1 concejal (463 votos). El grupo que gobierna en solitario está soportado por los

votos de 3.411 vecinos mientras que los concejales de la oposición fueron votados por 4.493 personas.

En base a las consideraciones anteriores, en nombre y representación del Grupo Municipal Popular propongo al Pleno debatir y aprobar, si lo consideran oportuno sobre las siguientes propuestas:

- 1.- Instar al equipo de gobierno municipal de Nigrán a elaborar un Plan de equipamientos deportivos a instalar en el área de uso deportivo existente en el SAU 9, de titularidad municipal.
- 2.- Acompañar dicho Plan de Equipamientos con un Plan de Financiación de las instalaciones deportivas a ubicar en dicha área, así como del análisis económico-financiero preciso para decidir la fórmula de gestión de las instalaciones que se decidan asentar en dichas superficies
- 3.- Establecer como fecha límite para presentar lo solicitado en los puntos anteriores el primer trimestre de 2017, aportándolo al Pleno de Nigrán en forma de Moción para su discusión y aprobación en sesión plenaria si se considera oportuno.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: O fin da moción é que sexa o Pleno o que decida as infraestruturas a instalar ali. Alternativas, ou constrúe o Concello, ou previo estudo de sostenibilidade acode a concesións a empresas externas. O equipo de goberno debe facer a súa proposta. Ademais está o convenio con Zona Franca que nos obrigaba a investimentos en instalacións deportivas ali.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Isto xa se tratou no Pleno anterior a raíz dunha moción súa, emendada á totalidade polo grupo Popular. Foi ditaminada desfavorablemente na Comisión Informativa. A cuestión está debatida. Votará en contra.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Esta moción non é a de xullo. Absleranse, porque antes hai que marcar prioridades de xeito global.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A favor de que se faga un plan de equipamentos deportivos. A cuestión está en engadir o do plan económico financiero, que ten custes. O que se fixo non tiña calidade suficiente. Non votará a favor.

Sr. García Pazos: O aspecto económico é básico. Tamén no caso dunha actuación de iniciativa pública. Esta moción non coincide coa xa debatida.

Sr. Fernández Comesaña: Pensa que as dúas mociones comparten a mesma filosofía. Mantén o seu voto negativo.

Votación e acordo sobre a proposta do grupo Popular.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP



- Votos en contra: 9; PSOE, UCN e BNG
- Abstencións: 2; Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexela a proposta.

--

MOCIONES DE URXENCIA:

Neste apartado D. José Cuevas Reposo, do grupo Nigrán Decide, manifesta que no tema de AQUALIA pediu o compromiso por escrito. Hoxe déuselle traslado dese compromiso por parte de AQUALIA, polo que non presentan a moción que anunciaron. Pensan que a súa iniciativa deu o seu froito.

Sr. Alcalde-Presidente: Está previsto incluso un maior alcance.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parécelle que non está valorada.

Sr. Cuevas Reposo: Hai referencia aos importes.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de xullo de 2016 e o 30 de agosto de 2016, ambos incluídos.

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

- Rfa. T 136/16
- Data de emisión: 29-07-2016

- Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto" e nivel de débeda viva estimados cos datos no segundo trimestre de 2016 e referidos ao dia 31-12-2016.

II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 2.º trimestre do 2016.

II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre relacións contables con reparos aprobadas no segundo trimestre 2016.

II.5.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

1.1. ¿Debería terse producido xa a entrega das zonas verdes de titularidade municipal existentes na ordenación urbanística do SAU-9 por parte de Zona Franca de Vigo, qué deberían estar completamente acondicionadas?

Sr. Alcalde-Presidente: Foron entregadas no seu día e cando nós chegamos ao goberno estaban no estado en que están.

Sr. García Pazos: Non nos referimos aos parterres, hai unhas zonas verdes subindo á manxa dereita do río que figuran no plan de urbanización do parque e que, a día de hoxe, están a selva. Cando se fixo a entrega, fixose unha entrega parcial. Seguen sen entregarse esas zonas que son de titularidade municipal e que están sen acondicionar por Zona Franca.

Sr. Alcalde-Presidente: Contestarei cando pechamos este tema.

1.2. ¿Acordouse xa con Zona Franca o destino dos 300 000 euros comprometidos por esa entidade para mellorar os accesos?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa se entregaron algúns anteproxectos a Zona Franca e os están valorando. A relación é boa pero lenta.

1.3. ¿Acordouse con Zona Franca o proxecto de restauración do muíño de Porto do Molle?

Sr. Alcalde-Presidente: Están os departamentos xurídicos de Zona Franca e do Concello vendo a fórmula final. Si, hai un proxecto.

1.4. ¿Cando teñen previsto presentar o borrador do orzamento 2017?

Sr. Alcalde-Presidente: Cando tecnicamente sexa posible. Estivose facendo estas dousas últimas semanas a relación de ingresos en Tesourería e agora tamén está Intervención revisando ese documento e pola nosa parte oxalá que sexa tanto antes. Se somos capaces de telo en novembro xa sería un éxito.

1.5. ¿En que fase se atopa o expediente de reintegro de contas presuntamente recibidas de forma improcedente pola empresa concesionaria de recollida de residuos e limpeza viaria?



Sr. Alcalde-Presidente: Estamos en fase de seguir falando entre as partes. Fai quince días tivemos outra reunión entre CESPA e a empresa auditora, o miércoles da semana que ven tivemos outra reunión entre a empresa auditora e CESPA para intentar confluir en algo que beneficie ás veciñas e vecíños de Nigrán. Non lle queremos quitar nada a CESPA, pero é certo que CESPA intenta que eses 123.000 euros sexan menos.

1.6. ¿Están finalizados os informes técnicos precisos para sacar a concurso público a execución da senda peatonal bordeando o río Muíños?

Sr. Alcalde-Presidente: Si están listos.

Sr. García Pazos: Quero recordar que eses 800.000 euros son os que están lasbrando que o Concello manteña unha débeda. Cando antes se gasten os parámetros económicos do Concello estarán mellor.

1.7. ¿Por que seguen sen estar convocados a data de presentación deste escrito o grupo de traballo para estudar a ubicación e financiamento da futura biblioteca?

Sr. Alcalde-Presidente: Non somos todo o áxiles que deberíamos ser e por outra banda, na reunión última quedaramos en que o Arquitecto municipal fixera un informe para ver cal das tres propostas que había era a más adecuada tecnicamente e ainda non teño ese informe.

D. José Cuevas Reposo, do grupo Nigrán Decide: Evidentemente hai moito traballo, pero ver a edificabilidade de tres fincas. A reunión a tivemos en maio, estamos en outubro xa, levamos case seis meses.

Sr. García Pazos: Ten un segundo componente, no acordo que tivemos nunha comisión de contas quedouse en que no mes de setembro íamos a empezar reunirmos para estudar as bonificacións.

D. José Cuevas Reposo, do grupo Nigrán Decide: Nesa comisión, creo que fun eu, lembreille que xa se falara do tema das bonificacións e que non se fixera nada ainda.

1.8. ¿Cubríronse as 12 prazas da convocatoria de apoio a enfermos de Alzheimer?

Sr. Alcalde-Presidente: Non. Si están todos empadroados en Nigrán. As prazas cobrense con empadroados en Nigrán pero se hai prazas cobrense con algúna persoa que non é de Nigrán. Os cursos da 3ª Idade, os cursos de pavillón, tamén se cobren así.

1.9. ¿Todos os informes técnicos e memorias valoradas precisos para a contratación de obras municipais son realizados por persoal técnico municipal ou contratación externa?

Sr. Alcalde-Presidente: Nos gustaría que todos fosen realizados por persoal do Concello pero ás veces é imposible.

Sr. García Pazos: Persoal técnico, con cualificación profesional.

Sr. Alcalde-Presidente: Sempre se fai por persoal técnico.

Sr. García Pazos: Non.

1.10. ¿Para cando se prevé que estean listos todos os permisos sectoriais ou informes para iniciar o procedemento de contratación do Torreiro de Parada, obra anunciada fal máis de seis meses polo goberno municipal?

Sr. Alcalde-Presidente: Vai dentro do plan da Deputación 2016. Esperemos que no 2017 podamos ter a obra aprobada.

1.11. ¿En que fase procedural se atopa o proceso de contratación e adxudicación de cada unha das obras que foron financiadas a cargo ao remanente de Tesoueraría 2015?

Sr. Alcalde-Presidente: As dúas que están máis avanzadas son pavillón e abastecemento de auga a Parada, que están en contratación para anunciar no boletín, o baleirado do vertedoiro de Porto do Molle estaba pendente de que os técnicos municipais decidiran se eran necesarios informes sectoriais e cremos que mañá vamos a ter xa ese informe. O enlace de auga a San Roque está metido por rexistro e non sei se están xa pedidos os informes sectoriais.

2.- **Dª. Liliana Silva Pequeño,** do grupo Popular:

2.1. ¿Como se vai a xestionar a escola de piragüismo?

Sr. Alcalde-Presidente: É un proxecto que nos plantearon desde a Deputación de Pontevedra de financiar aos concellos da provincia. Nós solicitamos por en marcha a escola. Está pendente de que haxa un número determinado de alumnos apuntados para que se inicie. Faise a través da Federación Galega de Piragüismo.

2.2. Comentaches fai xa 3 ou 4 Plenos que si Ian baleirar as instalacións anexas ás pistas de tenis e segue todo igual.

Sr. Alcalde-Presidente: Non fomos capaces de pormos en contacto coa persoa que estaba ao fronte. Está publicado no BOP un requerimento. Meteronse uns candados para que non poña rebrar material.

2.3. Pide que se limpe o río Muíños.

2.4. ¿Cóntase con autorización por escrito para o uso do colexio de Panxón para o programa de Alzheimer?

Sr. Alcalde-Presidente: Nós pedimoslle autorización ao CEIP de Panxón. Aprobouse por unanimidade no Consello escolar e eles eran os que ian solicitar a autorización á Xunta.

2.5. No mes de abril e despois no mes de agosto, tanto Alberto García coma mi, solicitamos información sobre as actividades deportivas realizadas o ano pasado, tanto das deportivas como das culturais. Pediuse data de inicio e fin de cada unha delas. Ainda non se nos contestou.



Sr. Alcalde-Presidente: Se tiverades o rexistro de entrada localizárlamos onde está.

2.6. ¿Cando van a comezar as actividades deportivas e culturais?

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: Se ao mellor non se mantivera no tempo unha situación laboral irregular ao mellor titúmos empezado antes. O problema que atopamos o ano pasado foi unha situación laboral presuntamente irregular. De feito reclamaron, e agora mesmo temos un requerimento de Inspección de Traballo e ademais quixemos manter as actividades 100% públicas, o que tamén dificulta máis a tramitación. Pese aos dous impedimentos as actividades comezarán en outubro, paulatinamente, porque temos diferentes tipos de contratación. As que se sacaron a concurso, que esas comezarán previsiblemente entre a semana do 15 e finais de outubro e por outro lado os que estamos considerando facer indefinidos polo requerimento de Inspección de Traballo, que tamén o estamos tratando no departamento xurídico como tramitar o citado requerimento.

Sra. Silva Pequeño: Tíveses un ano para facer todo iso

3.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

3.1. Comentar que temos numerosas queixas sobre o estado de camiños de diversas parroquias. Invítolle a qué unha tarde vaimos a visitar algúun que está nun estado lamentable.

3.2. A Lei de Transparencia sinala no artigo 21, referente ás unidades de información, as administracións públicas incluídas, neste caso o Concello, establecerán sistemas para integrar a xestión de solicitudes de información dos cidadáns no funcionamento da súa organización interna. ¿Que unidade administrativa do Concello ten encomendada esta función?

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: Agora mesmo o servizo de atención cidadá está ocupado deseza función xunto co persoal do Concello de Rexistro e Información, por no falar tamén da Xefa de Negociado de Rexistro e Información que tamén coordina e da apoio a este servizo.

3.3. ¿Cando pensa por en funcionamento o portal de transparencia do Concello?

Dª. Raquel Giraldez Armas, concelleira delegada: En novembro.

Sr. Cuevas Raposo: En novembro, pero cun ano e pico de atraso

3.4. En numerosas ocasións falei da necesidade de facer unha ordenanza sobre a venda ambulante. No Pleno do 31 de marzo contestouseme que se pensaba elaborar dita ordenanza. ¿Empezou a elaborala?

Sr. Alcalde-Presidente: Non, seguimos rexéndonos pola normativa xeral.

Sr. Cuevas Raposo: No Pleno do mes de xaneiro informéulle que se están rexendo por unha normativa que non é normativa xeral, senón que son unhas directrices ou instrucións que non son públicas. O problema é que nos rexamos por cousas que non

son públicas e que o cidadán non coñece os seus dereitos.

Dña. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: Aínda que o desconoce o Alcalde, o concelleiro Alfonso e eu xa estamos redactando parte dessa ordenanza.

3.5. O pasado mes de xullo houbo unha actividade en Ramalloa de venda de comida chamada 'Rilla na rúa', ¿con que data se asinou o decreto para autorizar a citada actividade?.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha actividade que se fixo dende o Concello polo tanto nós non nos autorizamos para facer esas nosas actividades.

3.6. ¿Comezaron coa tramitación do orzamento do 2017?.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa fixeron o informe de ingresos e a partir de si é onde estamos traballando.

3.7. No pasado mes de xuño pregunteille con respecto ao asunto de CESPA se iniciaran o expediente para descontarlle os importes non prescritos que se lle tiñan que ter descontado do canon polos ingresos recadados a través dos distintos sistemas integrados de xestión. Me dixo que estaba pendente de informes técnicos. ¿Solicitaron estes informes técnicos?

Dña. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: O lema dos cánons está enriba da mesa e será posterior á solución da auditoría. Primeiro pecharemos a auditoría e despois pasaremos aos cánons.

Sr. Cuevas Raposo: Van case dous anos da auditoría, e logo dous anos o dos cánons.

3.8. Chocoume que cando lle contestou ao grupo Popular dixera que estaban reuníndose CESPA e coa empresa auditora, cando no último Pleno dixo que estaba pendente duns informes do Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: O que estamos agora é reuníndonos coa auditora e con CESPA para intentar chegar a unha solución. Non é un tema tan sinxelo como dicir que CESPA nos debe 100 000 euros e que os traía para aquí, porque calquera decisión que tomes CESPA pode logo reclamalo. Todo o que fagamos temos que facelo con moita seguridade.

Sr. Cuevas Raposo: O problema é que hai que ler a documentación e saber que se nos está cobrando de máis. Cando se lea a documentación se sabe.

3.9. O contralo é moi sinxelo, non é lanzar acusacións á lixeira como vostede me acusou a mi na prensa, o contrato adxudicouse por 1.278 000 euros, dentro dessa valoración había 15.000 euros destinados á recollida de vidro. Durante os anos 2005, 2006, 2007 e 2008 estivoselle pagando 1.278.000 euros, como se estiveran realizando o contrato enteiro. O 25 de xuño de 2009 CESPA presentou un escrito dicindo que non recollía o vidro, simplemente con contrastar esas douce documentos xa se sabe que se estivo pagando uns 115.000 euros de máis na recollida de vidro, que non ten nada que ver coa auditoría nin co de xestión de sistemas integrados que falei antes. O que pasa é que hai que ter vontade. Que se inicie o correspondente procedemento administrativo para determinar a cantidade exacta pagada por



servizos non realizados relacionados coa recollida de vidro desde o inicio do citado contrato ata o ano 2012, cando empezou a recollelo, e que se lle reclame a CESPA.

3.10. ¿Cal é a razón pola que se segue incumprindo o acordo plenario sobre transparencia non publicando os criterios de selección dos cursos para persoas desempregadas antes da apertura do prazo de inscrición?

Dª. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: Todos os cursos desenvorralos dende a concellería de desenvolvemento local si conteñen eses criterios nas súas bases, aqueles que non os conteñen é porque o criterio de selección é a orde de rexistro.

Sr. Cuevas Reposo: Houbo un curso de iniciación e perfeccionamento informático do 4 ao 11 de abril para persoas maioritariamente desempregadas. Os criterios de selección aprobarónse o 11 de abril, o último día do prazo. Os criterios de selección hai que aprobalos antes e se quedan na web mellor.

Dª. Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: Ese curso está previsto para novembro.

3.11. No Pleno pasado vostede dixo: para que vamos a facer un curso de carretilleiro dunha semana de duración. E xusto unha semana despois fan un curso dunha semana. Que se faga un plan de emprego, eficaz, transparente e útil para as persoas desempregadas.

3.12. Lle pedimos en varias ocasións que elaboraran un plan de control dos vertidos que hai nas praias e nos ríos de Nigrán. ¿Fixose algún plan?

Sr. Alcalde-Presidente: O plan de control o lava directamente AQUALIA.

Sr. Cuevas Reposo: Pedín fai un mes o plan de mantemento de todas as instalacións de AQUALIA que ten que haber segundo o decreto de saneamento e aquí non o teñen. Logo pasa o que pasou na Madorra, que fixeron un anexo que cheira máis que antes.

3.13. Estase a publicar nalgún medio a existencia de problemas nos servizos sociais de Nigrán. isto é evidente que empaña a imaxe dos servizos sociais de Nigrán. ¿Que pensa facer?

Sr. Alcalde-Presidente: A actitude desde que estou de concelleiro de Servizos Sociais e de Alcalde: eu teño que publicamente respaldar total e absolutamente o traballo que se fa desde o departamento de Servizos Sociais. Non é un departamento fácil, como non o son os demás, pero traballan con persoas que teñen moitas problemáticas asociadas e non é fácil o traballo nin a solución. Tamén é un departamento do que molta xente sae descontenta, porque non ten dereito a unha prestación e algunas se enfadan. O caso de onte foi unha convocatoria engañosa, porque comezou dicindo que era contra unha traballadora deste Concello, que por suposto defendeo á traballadora ata o final. Despois mezclosuse cunha convocatoria contra a pobreza do mundo e toda a xente que había ali viña dunha entidade social do barrio de Coia que se caracteriza por manifestarse diante dalgún Concello. Durante anos lle tocou a un Concello aguantar a manifestación desta xente. Non creo que volvan aquí. Eu falei con elas dicindolle que eran equivocados na forma de plantear as cousas.

Sr. Cuevas Raposo: Ás veces estas cousas son síntomas de que algo pasa ou algo é mellorable. Pidolle que analice

4.- D. Antonio Fernández Comesaría, do grupo UCN:

4.1. Plantexara no anterior Pleno que se colocase unha veranda nas escaleiras de Praia América, agradecer a solución do problema.

4.2 Mostrar o meu recoñecemento ás protestas pacíficas levadas a cabo pola asociación de veciños de Panxón, así como ás xestións realizadas para conseguir que a Xunta levara a cabo o pintado en tempo record os pasos peonís nos cruces de Bouzavella e Área Alta, tamén en Torrente Ballester. Este último á iniciativa do BNG, despois de terlo redamado insistentemente nos últimos anos e que segundo palabras do responsable provincial da Xunta que o Concello nunca o plantexara, deixando en evidencia unha certa irresponsabilidade de quien no seu dia ignorou as demandas veciñais e propostas da Corporación.

4.3. Durante o verán houbo graves trastornos ocasionados tanto para veciños como para turistas, por obras de pavimentación que se pudieron ter programadas para o més de setembro. Pavimentación de diversos viais, entre eles Seixas Alto. ¿Que criterios se utilizaron para incluir varios viais, cando existe en Selgas Alto outro vial que non se incluiu e que está igual de deteriorado?

Sr. Alcalde-Presidente: No momento en que se fixo un viñeron os veciños a dicir que o deles tamén estaba mal e lle dixemos que o incluiríamos no seguinte plan de asfaltados.

4.4. ¿En que fase se atopa o plan de compostaxe levado a cabo pola Deputación? ¿Existen composteiros instalados? ¿En que lugares?

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: Na primeira convocatoria do plan de compostaxe, que non é a que chegou estes días, senón a anterior, eran un composteiros individuais nos que non reunimos o mínimo de persoas necesarias para formar parte do compostaxe e unha das cousas que se plantexaba era por o punto de compostaxe no punto limpo. Viu unha técnica da Deputación e dixo que o punto limpo non era un lugar ideal porque querían un compostaxe cercano aos veciños. Nós o que dixemos era que tamén queríamos facer unha compostaxe de grandes produtores. A Deputación con ese tipo de criterios dixo que esperáramos ao seguinte plan de compost, o REVITALIZA, que tamén vai incluir composteiros individuais, comunitarios en situacións especiais que ai serían máis flexibles. Estamos en conversas coa Deputación para ser un punto de información para aqueles veciños que quieran ter un composteiro na casa e retomar a nosa petición de composteiro comunitario para grandes produtores no punto limpo.

Sr. Fernández Comesaría: A solución pasa máis pola opción individual.

4.5. ¿En que situación se atopa a adxudicación da auditoría do servizo de recollida e limpeza viaria? ¿Xa foi adxudicada? ¿De ser así que empresa resultou gañadora e a qué prezo?

Sr. Alcalde-Presidente: Abrironse as ofertas e estase vendo se unha é temeraria.



4.6. No pasado Pleno de xullo aprobouse por unanimidade a postra en marcha dun expediente de contratación para auditoría da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de auga. ¿Xa está redactado o prego de prescricións técnicas? ¿Poden remitir copia aos grupos municipais? ¿Cando prevé que estea adxudicado?

Sr. Alcalde-Presidente: Está a Enxeñelra redactando o prego.

Sr. Fernández Comesaría: Que se axilice ao máximo

4.7. Tamén nesa moción aprobárase que se procedera á liquidación da taxa por aproveitamento de dominio público do solo e subsolo. ¿Está practicada esa liquidación? ¿A canto escende?

Sr. Alcalde-Presidente: Non se fixo.

Sr. Fernández Comesaría: ¿Pensan facela?

Sr. Alcalde-Presidente: Deberíamos facela.

4.8. ¿Quen se encarga do mantemento da zona exardinada do boulevard de Praia América? ¿Foi cedida ao Concello ou é da Xunta?

Sr. Alcalde-Presidente: É da Xunta de Galicia. Nós limpamos as rotondas, porque estaban feitas un desastre.

Sr. Fernández Comesaría: Se son da Xunta haberá que esixir que o fagan

4.9. Tamén se aprobara o do convenio de Parada que anulara a Xunta, ¿contestou a Xunta ao requerimento que se lle fixo?

Sr. Alcalde-Presidente: Non van a contestar. Estamos facultados para ir ao Xulgado, pero non é unha das miñas opcións favoritas ir ao Xulgado contra outra Administración. A ver se podemos evitar iso.

4.10. ¿A canto ascenderon os gastos realizados na praza de Panxón pola Confraría de Balona "Mar de Sabores"?

Sr. Alcalde-Presidente: Foi unha acción dentro dos proxectos de Acción Costeira, na que unha parte moi importante foi subvencionada. Os datos faremos chegar.

4.11. ¿Como está o lema do IBI? ¿Remitíuselle ao Catastro e información dos solos non urbanizables para que queden exentos do IBI?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, remitiuse ao Catastro e estamos asesorando aos veciños desde o Concello incluso cun modelo de reclamación que fixemos.

5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG.

5.1. Agradecer o pintado po paso de peóns na rúa Torrente Ballester que se iniciou cun

rogo do BNG

5.2. Na comisión que tivemos no seu momento para tratar o tema da biblioteca non se pediu que o Arquitecto fixases un informe onde nos plantexase cal era a mellor das alternativas. Considero que ese non é o seu cometido, o que falamos foi que o Arquitecto informase as tres alternativas desde un punto de vista urbanístico e cunha valoración económica. Rogo que se reitere un informe desas alternativas que xa quedaron perfiladas.

5.3. Xa no 2015 o grupo municipal do BNG presentou un recurso contra unha resolución da Alcaldía e a posterior liquidación por unha taxa por licenza de actividade que non solicitamos. Non mereceu resposta por parte da Alcaldía, rogo que me den unha resposta por escrito dos motivos polos que non se resolveu este recurso.

5.4. ¿Devolveuse o aval a Servizos Sociais á Comunidade, o anterior adxudicatario do servizo de axuda no fogar?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu creo que si, pero non podo aseguralo.

Sr. Rodríguez Fernández: Hai reclamacións de traballadoras contra a empresa e ao mellor subsidiariamente podialle locar ao Concello de Nigrán.

5.5. Antes falabamos dos investimentos de AQUALIA, recibistes un escrito por rexistro de varios veciños da rúa Tomás Mirambel, onde puñan de manifesto unha serie de deficiencias. ¿Que se fixo ai e que problema había?

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro delegado: A actuación que se tomou desde o servizo de abastecemento e saneamento municipal foi revisar todas as arquetas da zona, colectores e demais e procedeu ao selado dunhas arquetas que podían xerar malos olores.


Sr. Rodríguez Fernández: ¿Non se detectaron ou buscaron posibles fugas?

Sr. Rial Sánchez: Quedaron de facer unha inspección dos colectores da zona cunha cámara.

5.6. No asunto dos Servizos Sociais, independentemente de que se monte unha concentración polo motivo que sexa, sexa a xente que sexa e vella de onde veña, o que houbo á parte diso foi un escrito que se presentou no Concello no que unha persoa con nome e apelidos expón unha serie de feitos, o que quería saber é se a raíz da presentación deste escrito pediuse ao servizo correspondente un informe ao respecto da versión deses feitos.

Sr. Alcalde-Presidente: Pediuse de palabra e dixerón que as cousas non eran así. Hai cousas que incluso a persoa que denuncia as di ela mesma.

Sr. Rodríguez Fernández: Trátase de que por parte dos Servizos Sociais municipais se cumpran unha serie de condicións e requisitos para que unha persoa poida percibir unha prestación e trátase simplemente de comprobar esas condicións e esos requisitos, nada máis. Consideracións máis alá de comprobar se se cumplen esos requisitos ao mellor poden ter cabida como recomendacións pero non máis alá.



Sr. Alcalde-Presidente: Creo que o mellor que podo facer é pedirlle por escrito á Traballadora Social que faga un informe e volo fago chegar.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Nas afirmacións que sairon na prensa hai unha acusación que de ser certa é gravísima e probablemente delitiva. Non me refiro ao de ir ás nove da mañá sen avisar. É interesante aclaralo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

